



# Formación espiritual da persoa. Novos acompañamentos

Antonio Ávila Blanco<sup>1</sup>

## 1.- A formación espiritual, un reto

O presente artigo, que se sitúa no marco deste número dedicado aos novos acompañamentos, pretende abordar un tema complexo, como é a formación espiritual da persoa. Un tema que nos abre un abano importante de preguntas sobre a nosa forma de entendernos como persoas. Entre elas, sen dúbida, destaca a pregunta sobre que é isto da dimensión espiritual, como se pode desenvolver, se é que isto é posíbel, e como podela vivir nun contexto actual de frivolidade, materialismo e secularización como o actual. Vaíamos por partes.

### *1.1. Por que abordar este tema nun número como o actual?*

A formación espiritual sempre foi un reto, pero moito máis no momento actual. A afirmación teórica do ser humano como alguén aberto á transcendencia, como un ser con dimensións espirituais, como alguén cunha fondura capaz de atopar no seu mesmo interior unha riqueza que non ten límites, choca frontalmente co que nos transmite unha mirada despregada ao noso arredor, e coa forma de vivir e de desenvolver a existencia da maioría dos nosos cidadáns, que moitas veces, e dígoo máis con tristeza ca como xuízo, atópanse situados na superficialidade, atreveríame a dicir na banalidade, no materialismo e a eficacia.

---

<sup>1</sup> Antonio Ávila Blanco é licenciado en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid e doutor en Teoloxía catequética pola Universidade Pontificia de Salamanca. É director e profesor no Instituto Superior de Pastoral (Madrid).